



Resolución da convocatoria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola que se aproban as bases para a realización de proxectos de innovación en dinamización lingüística en centros de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para desenvolver no curso académico 2013-2014

A convocatoria que regula as bases para a realización de proxectos de innovación en dinamización lingüística en centros públicos establece, no seu artigo 10, que a Comisión de Selección, unha vez estudadas as solicitudes presentadas, emitirá a proposta de resolución dirixida ao secretario xeral de Política Lingüística, que resolverá por delegación do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A resolución publicarase na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística <http://www.xunta.es/linguagalega/> e no portal educativo <http://www.edu.xunta.es>.

Unha vez vista a proposta formulada pola Comisión de Selección, constituída ao abeiro do artigo 9 da citada convocatoria, esta Secretaría Xeral de Política Lingüística,

RESOLVE:

Artigo 1

A selección de cinco proxectos que acadaron a maior puntuación, segundo os criterios establecidos no artigo 9 da convocatoria, logo de comprobar que cumpren os requisitos establecidos nesta.

Os proxectos puntuados como excelentes son:





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa Pastoriza, 8
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 493
Fax: 981 544 424
www.xunta.es/linguagalega



- Proxecto de innovación “Escoitando a Terra”, IES CHAPELA de Redondela, IES AUDIOVISUAL de Vigo.
- Proxecto de innovación “Aplicacións didácticas sobre a Galicia industrial” IES AGRA DO ORZAN da Coruña, IES SALVADOR DE MADARIAGA da Coruña IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL da Coruña.
- Proxecto de innovación “Formulando a dinamización coas TIC” IES Taboada Chivite, CEIP Amaro Refojo, CEIP Princesa de España de Verín.
- Proxecto de innovación “ Equipados “ Escola de Educación Infantil da Guía, de Vigo.
- Proxecto de innovación “ Literatosbrey” Instituto Fermín Bouza Brey de Vilagarcía.

Artigo 2

Os seleccionados recibirán:

1. Unha dotación económica de 2000 euros.
2. Apoio e asesoramento durante o desenvolvemento do proxecto.
3. A difusión das experiencias a través da rede e a publicación dos materiais educativos producidos, na web da Secretaría Xeral de Política Lingüística <http://www.xunta.es/linguagalega/>.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2014

O secretario xeral de Política Lingüística

O director xeral de Educación,

F. Profesional e Innovación Educativa



Valentín García Gómez



Manuel Corredoira López

